

INFORMACIÓN RELATIVA AO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO 2023-2024**NORMATIVA REGULADORA:**

- Decreto 13/2022 do 3 de febreiro (DOG do 11 de febreiro de 2022).
- Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG do 8 de novembro de 2022).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Dende o 1 de marzo ata o 20 de marzo de 2023 (ambos inclusive) a través da sede electrónica ou de forma presencial no centro educativo elixido en primeiro lugar.

IMPRESOS E DOCUMENTACIÓN QUE, OBRIGATORIAMENTE, DEBERÁN SER PRESENTADOS:

- Formulario ED550B
- Anexo II bis (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora).
- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

A solicitude ED550B presentárase preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática “*admisionalumnado*” (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A solicitude de admisión deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do alumno/a. Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (anexoII-bis).

Cando falte o consentimento expreso da outra persoa proxenitora para a escolarización, mentres non se produza a resolución xudicial nos termos previstos no artigo 156 do Código Civil, manterase a situación de escolarización existente, se a houbese; no caso contrario, escolarizarase o menor, provisionalmente, tendo en conta a solicitude e o certificado de convivencia.

Nas situacións de violencia de xénero non é necesaria a sinatura do agresor.

OBSERVACIÓNS IMPORTANTES

- Todo o alumnado poderá pedir ata 6 centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. A solicitude de admisión dirixirse ao centro solicitado en primeiro lugar.
- Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.
- A solicitude de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
- A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior poderá ser causa de perda do dereito a participar no procedemento.

PERDA DO DEREITO A PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO:

Poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento de admisión ordinario:

- a) Indicar datos na solicitude que non se axusten ás circunstancias reais do alumnado ou da unidade familiar.
- b) Achegar documentación que reflecta datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumnado ou da unidade familiar.
- c) Presentar solicitude de admisión sen renunciar expresamente á anterior ou anteriores.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN EN CASO DE BAREMO:

Do 21 de marzo ao 3 de abril de 2023.

CRITERIOS DE ADMISIÓN EN CASO DE QUE O CENTRO TEÑA QUE BAREMAR:

Cando o número de solicitudes de admisión presentadas en prazo sexa superior ao de postos dispoñibles no centro, abrírase o período de baremación e valoraranse os seguintes criterios para fixar unha orde de prelación:

1. Irmán ou irmá matriculados no centro: 8 puntos; polo segundo e seguintes, 2 puntos por cada un, co máximo de 14 puntos.
2. Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo da persoa proxenitora, titora ou acollidora:

- . Se o domicilio familiar está na área de influencia do centro: 8 puntos.
 - . Se o domicilio familiar está en áreas limítrofes á área de influencia do centro: 4 puntos.
 - . Se o lugar de traballo está na área de influencia do centro: 6 puntos.
 - . Se o lugar de traballo está nas áreas limítrofes á área de influencia do centro: 3 puntos.
3. Renda per cápita da unidade familiar: A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal do ano 2021 entre o número de membros computables.
A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas obtidas polos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos de calquera natureza.
Se as familias presentaron a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano 2021, sumaranse a base imponible xeral e abase imponible do aforro e dividirase entre o número de membros da unidade familiar.
Se as familias non presentaron a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano 2021, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- . Se o resultado obtido é inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos.
 - . Se o resultado é igual ou superior a 0, e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos.
 - . Se é igual ou superior ao 0,75 e inferior ao IPREM: 1 punto.
 - . Se é igual ou superior ao IPREM: 0 puntos.
4. Persoa proxenitora, titora ou acollidora traballadora do centro docente: 3 puntos.
5. Familia numerosa:
- . Por familia numerosa de categoría especial: 3 puntos.
 - . Por familia numerosa de categoría xeral: 2 puntos.
6. Alumnado nado de parto múltiple:
- Se son dous: 8 puntos.
 - Se son máis de dous: 10 puntos.
7. Familia monoparental: 2 puntos.
8. Discapacidade de calquera membro computable da unidade familiar igual ou superior ao 33%:
- . Discapacidade do alumno: 4 puntos.
 - . Discapacidade de calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras ou o novo cónxuxe: 3 puntos.
 - . Discapacidade de calquera das irmás ou dos irmáns: 1 punto por cada un.
9. Condición de vítima de violencia de xénero: 2 puntos.
10. Condición de vítima de terrorismo: 2 puntos.

No caso de baremación, o centro poñerá en contacto coas familias con fillos/as aos que habería que aplicarles a baremación para que acheguen a documentación necesaria.

CONSULTAS NA APLICACIÓN “ADMISIONALUMNADO” (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>):

As familias poderedes consultar na aplicación “*admisionalumnado*” (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) a seguinte información:

- a) Cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de admisión ordinaria e matrícula.
- b) A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
- c) A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación “*admisionalumnado*” no momento da súa gravación.
- d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- e) A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

DATA DE PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ALUMNADO ADMITIDO E NON ADMITIDO

Antes do 25 de abril de 2023, a dirección do centro publicará, no taboleiro de anuncios no interior do centro escolar, a relación nominal de todo o alumnado admitido e non admitido por curso, pola orde da puntuación provisional total obtida.

Reclamación: As persoas interesadas poderán formular reclamación, ante o Consello Escolar do centro, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación

DATA DA PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ALUMNADO ADMITIDO E NON ADMITIDO

A listaxe definitiva do alumnado admitido e non admitido, ordenado segundo a puntuación total, publicarase no taboleiro de anuncios no interior do centro escolar e estará dispoñible a través da aplicación informática “*admisionalumnado*” o 15 de maio de 2023.

Impugnación da listaxe: As persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

PRAZO PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA:

O alumnado admitido formalizará a súa matrícula no correspondente centro docente do 20 de xuño ao 30 de xuño de 2023.

Se unha vez finalizado o prazo de matrícula esta non se formalizase, terase por decaído no seu dereito á praza obtida.

Máis información no taboleiro de anuncios, na Secretaría do centro e na páxina web.